

INSTRUCCIÓN DO 20/03/2024 DA SECRETARÍA XERAL EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO PARA A APLICACIÓN AO ESTUDANTADO DO REGULAMENTO SOBRE O EXERCICIO DO DEREITO Á IDENTIDADE DE XÉNERO NA UDC (actualización da instrución do 21/10/2022)

ANTECEDENTES

O Consello de Goberno da UDC aprobou na súa sesión de 28 de outubro de 2017 o [Regulamento sobre o exercicio do dereito á identidade de xénero na UDC](#).

De acordo co dito Regulamento, todas as persoas que integran a comunidade universitaria teñen dereito nas súas relación coa UDC a elixir e manifestar a súa identidade de xénero, así como a acceder aos servizos e actividades universitarias de acordo coa identidade de xénero manifestada e co nome distinto do rexistral que, en correspondencia, indicaren.

PROCEDEMENTO

1. As persoas interesadas en solicitar un cambio de nome distinto ao rexistral no marco do Regulamento sobre o exercicio do dereito á identidade de xénero na UDC enviarán unha solicitude á Secretaría Xeral a través de axuda tic dispoñible en: <https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=86311420> para a súa aprobación, de ser o caso.
2. A aprobación electrónica da solicitude producirá de forma automática o cambio do nome nos servizos ofertados en Microsoft Office 365: Outlook, Teams, Onedrive, Sharepoint, Yammer, Stream., etc
3. A Secretaría Xeral comunicará á Administración da correspondente Facultade/Escola en que está matriculada a persoa solicitante a aprobación da dita solicitude.
4. A Administración/UXAI do centro realizará os seguintes trámites:

Xescampus (alumnado de Grao):

- a) O cambio do nome no campo Nome da ficha Persoa.
- b) Informará á persoa solicitante de que a modificación foi rexistrada, e que este cambio non será efectivo entre o fin dos períodos de avaliación e as datas límites de sinatura e entrega de actas (a Administración/UXAI fará o cambio en cada un destes períodos), e de que cada vez que solicite algún documento oficial na Universidade da Coruña terá que especificar que o seu nome está modificado no marco do Regulamento sobre o exercicio do dereito á identidade de xénero na UDC co fin de que a Administración/UXAI utilice o nome rexistral para a emisión dos documentos oficiais solicitados.

Código Seguro De Verificación	GWLbX3VWY2WZxmvJYuodwA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/03/2024 14:31:32
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GWLbX3VWY2WZxmvJYuodwA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



SIGMA (alumnado de Máster Universitario):

- a) O cambio do nome en Datos xerais > Xestión datos alumnos > Autor. cambio nome.
- b) Automaticamente a aplicación envía un correo electrónico á persoa solicitante informándoa de que a modificación foi rexistrada, e que este cambio non será efectivo entre o fin dos períodos de avaliación e as datas límites de sinatura e entrega de actas (non é necesario que a Administración/UXAI faga o cambio en cada un destes períodos).
5. No caso de que a solicitude non sexa aprobada pola Secretaría Xeral, o solicitante recibirá unha resposta dende Secretaría Xeral indicando o motivo da non aprobación da solicitude.

Código Seguro De Verificación	GWLbx3VWY2WZxmvJYuodwA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	20/03/2024 14:31:32
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GWLbx3VWY2WZxmvJYuodwA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

